



4.4.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

■ A análise do medioambiente realizado neste capítulo estrutúrase en catro grandes apartados, que se centran nos aspectos relacionados co cambio climático, a natureza e biodiversidade, os residuos sólidos e, finalmente, os incendios forestais.

Cambio climático

O fenómeno do cambio climático é un dos maiores retos ambientais aos que se enfronta na actualidade a nosa sociedade debido ás súas implicacións sociais, económicas e ambientais. O principal responsable deste fenómeno é o efecto invernadoiro, que está causado polos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI).

A Estratexia Europa 2020 establece como un dos seus obxectivos prioritarios o de acadar un crecemento europeo sostible, no que a economía faga un uso máis eficaz dos seus recursos. No marco desta estratexia sinaláanse como obxectivos de sostenibilidade os de acadar no ano 2020, reducir as emisións de gases efecto invernadoiro nun 20%

en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% na eficiencia enerxética.

No que respecta ao cumprimento por parte do Estado español dos indicadores de crecemento sostible, o **cadro 4.4.1.** mostra como para o período 2012-2020 o obxectivo proposto para España é o dun incremento máximo do 5,6% das emisións de GEI, así como incrementar necesariamente un 5,7% o seu consumo de enerxías renovables.

Aínda que Galicia non contraeu expresamente ningún acordo vinculante en relación coas súas emisións, si que contribúe ao obxectivo definido para España no Protocolo de Kioto de non aumentar as súas emisións en máis dun 15% respecto ao ano base de 1990. As emisións de GEI en Galicia no ano 2012 situáronse un 6,3% por riba do ano 1990, lonxe do obxectivo fixado na Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador de situar nese ano as emisións de gases efecto inverna-

Estratexia 2020: indicadores de crecemento sostible de España

	unidades	período	España	Unión Europea		
				media	dato mínimo	dato máximo
Cambio climático e enerxía						
Cambio en emisións de GEI fora do RCCDE (1)	(% cambio)	2005-12	-15,6	..	-22,4	12,9
obxectivo nacional EU 2020	(%)	2020	-10,0	..	-20,0	20,0
obxectivo proposto (negativo = redución mínima, positivo = incremento máximo)	(puntos %)	2012-20	5,6	..	-14,7	31,4
Energías renovables no consumo final bruto de enerxía						
		2012	14,3	14,1	2,7	51,0
obxectivo nacional EU 2020	(% / enerxía consumida)	2020	20,0	20,0	10,0	49,0
incremento necesario para acadar o obxectivo proposto		2012-20	5,7	5,9	-2,0	10,8
cambio na taxa	(variación de puntos %)	2006-12	5,1	4,8	1,6	10,1
Potencial de enerxía eólica	(horas totais de carga / ano)	2000-05	652,8	..	457,1	3186,7
Recursos de enerxía solar	(media de recursos de enerxía solar en KWh/ano)	-	1819,9	..	1053,0	2001,0
Medio ambiente						
Poboación conectada a plantas de tratamento de augas residuais	(% / poboación total)	2010	96,0	..	30,0	100,0
Concentración de partículas finas (PM10) a nivel superficial	(concentración media anual (µg/m3))	2011	18,2	22,3	9,6	33,8
Exceso de concentracións de ozono	(media anual número de días con exceso)	2011	110,9	111,4	85,3	131,9
Cumprimento da directiva UE sobre habitats	(% cumprimento das propostas)	2012	92,0	..	44,0	100,0

(1) Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión
Fonte: Comisión Europea

4.4.1.

doiro nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 y 2020 nun 20%.

Atendendo aos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Galicia emitiu un total de 30,1 millóns de toneladas de CO₂, 1,7 millóns máis que no ano base de 1990. O 81,7% do total destas emisións corresponden ao sector de procesamento de enerxía, seguido moi de lonxe polo sector da agricultura e dos procesos industriais, responsables dun 11,3% e 5,6%, respectivamente.

Este incremento explícase pola forte medra experimentada no caso do transporte (48,1%), outros sectores (residencia e comercial), cun incremento superior ao 40%, o sector de tratamento e eliminación de residuos, cun 39,1%, e o sector agrícola e o de combustión en industrias manufactureras e da construción, cun crecemento lixeiramente superior ao 15%. Pola contra, diminuíron con respecto ao ano 1990 as emisións asociadas ás industrias do sector enerxético e aos procesos industriais (-11,4% e -6,9%, respectivamente). En comparación co rexistrado no ano 2011, cómpre mencionar que tan só as industrias

do sector enerxético aumentan as súas emisións de GEI (37,6%), descendendo en máis dun 7,5% no caso do transporte e dos procesos industriais.


Tal como se mostra no **cadro 4.4.2.**, das 30,1 millóns de toneladas de CO₂ equivalente emitidas por Galicia no ano 2012, o 48,3% proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión (sector directiva) e o 51,7% restante, aos definidos como sectores difusos. Mentres que o sector directiva aumentou as súas emisións nun 31,2% respecto ao ano anterior, as emisións no sector difuso reducíronse nun 4,8%.

Os protocolos medioambientais, tanto europeos como internacionais, baséanse, fundamentalmente, na redución das emisións de gases con efecto invernadoiro. Por eso, o seguimento e verificación das ditas emisións constitúen un elemento clave no deseño do réxime de comercio de dereitos de emisión. Mediante este mecanismo, determínase cales foron as emisións de cada unha das instalacións e operadores aéreos afectados e, polo tanto, qué cantidade de dereitos de emisións deben entregar. O Regulamento 601/2012 da Comisión Europea sobre o se-





Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2012 ⁽¹⁾




(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.2.

Emisións á atmósfera 1990-2012: distribución segundo sector de actividade




Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *Informes de cambio climático*

4.4.3.



Emisións á atmosfera 2012: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *Informe emisións GEI en Galicia*

4.4.4.

Emisións de CO₂ 2014

	Instalacións	Emisións		
		asignadas	declaradas	
		(en millóns de dereitos)	2014 (en millóns tm.)	14/13
Produción enerxía eléctrica	4	0,00	9,33	0,30
Coxeración-combustión	29	0,68	0,91	-8,70
Refino e produción de H ₂	2	1,04	1,19	-0,10
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	0,59	0,61	5,50
Produción de aluminio	3	1,23	1,41	-6,10
Produción de cemento, cal, dolomita ou magnesita	2	0,18	0,12	-23,30
Fabricación cerámica	1	0,01	0,01	32,00
Produción papel	2	0,06	0,12	-1,10
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	0,08	0,10	36,80
Total	50	3,86	13,79	-0,90

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

4.4.5.

guimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro establece as normas aplicables ao seguimento e á notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro para as actividades que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2013.

O **cadro 4.4.5.** mostra datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005. No período de notificación de 2013, o volume total de emisións declaradas polas 50 instalacións afectadas pola devandita lei (oito menos que no ano anterior) ascendeu a 13,9 millóns de toneladas de CO₂. Unha análise a nivel individual reflicte que

destas 50 instalacións, quince aumentaron as súas emisións respecto ao ano anterior e vinte e dúas as reduciron, en tanto que as trece restantes non participaron no comercio de dereitos de emisión no ano anterior. As dúas terceiras partes das emisións totais declaradas corresponden ao sector da xeración de enerxía eléctrica, por diante do sector da produción de aluminio e o do refino e produción de hidróxeno, co 10,8% e 8,5% das emisións, respectivamente.

No último ano a cantidade de dereitos de emisión supera en 9,7 millóns a cantidade de dereitos asignados gratuitamente, dos que a meirande parte (9,3 millóns) corres-





Emisións contaminantes nas CC.AA. 2013:
actividades e complexos contaminantes ⁽¹⁾

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	35	283
Aragón	26	156
Asturias	40	37
Baleares	20	12
Canarias	28	23
Cantabria	22	25
Castela e León	30	396
Castela-A Mancha	22	186
Cataluña	52	611
C. Valenciana	31	149
Extremadura	16	33
Galicia	35	121
Madrid	20	26
Murcia	23	124
Navarra	14	114
País Vasco	40	79
A Ríoxa	11	17
Ceuta e Melilla	17	2
Total	482	2.394

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio de Agricultura, Medio Ambiente y Alimentación,
Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes

■ 4.4.6.

ponde á actividade de xeración de enerxía eléctrica, quen dende o 1 de xaneiro de 2013 xa non recibe ningún tipo de asignación gratuíta. Das devanditas 50 instalacións, 33 declararon emisións de GEI nunha cantidade superior á asignación concedida.

Segundo os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes, no ano 2013 son 35 as actividades industriais contaminantes, ascendendo a 121 os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes. Galicia mantense como a cuarta Comunidade por número de actividades industriais contaminantes situándose como a sétima en canto ao número de complexos industriais así clasificados (**cadro 4.4.6.**).

● **Gasto e investimento das empresas en protección medio ambiental.**

Tendo en conta que as emisións de gases de efecto invernadoiro son o indicador utilizado para medir a evolución da loita contra o

cambio climático, un aspecto importante a ter en conta tamén é a evolución e o volume de gasto que realizan as empresas do sector industrial para reducir ou eliminar as emisións de contaminantes ao aire e a contaminación acústica, no tratamento das augas residuais e dos residuos sólidos xerados e para poder utilizar materias primas menos contaminantes ou en menor cantidade.

O gasto da industria galega en protección do medioambiente descende en 2012, último dato dispoñible, ata os 161,7 millóns de euros, un 6,7% menos que no ano anterior. Os gastos correntes destinados á protección mediambiental aumentaron un 4,8%, acadando os 111,6 millóns de euros, mentres que o investimento diminúe un 25% en taxa anual, para situarse en 50,1 millóns de euros (**cadro 4.4.7.**). Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, o gasto total representa o 6,9% do total estatal, sendo do 8% no caso do investimento.

No caso da industria manufactureira, o



Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-12

	España			Galicia		
	2008	2011	2012	2008	2011	2012
	(en millóns de euros)					
Total CNAE B, C e D	3.129,4	2.389,3	2.348,8	339,2	173,3	161,7
Investimento total	1.533,8	684,1	624,0	245,6	66,8	50,1
Equipos e instalacións independentes	686,7	287,5	265,5	75,9	18,7	13,0
Emisións ao aire	344,7	69,3	49,0	6,9	1,2	1,4
Augas residuais	156,3	122,6	71,1	23,5	6,6	2,5
Resíduos	66,1	26,3	23,3	5,1	1,4	3,6
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	22,3	19,0	52,5	1,9	1,7	0,7
Ruídos e vibracións	15,3	3,4	3,5	0,3	0,1	0,1
Natureza e paisaxe	75,4	41,9	58,0	36,9	7,6	4,3
Outros equipos e instalacións	6,7	5,0	8,1	1,4	0,1	0,5
Equipos e instalacións integrados	847,1	396,6	358,6	169,8	48,1	37,1
Emisións ao aire	479,3	205,1	191,7	127,3	26,4	13,9
Augas residuais	80,3	50,8	55,1	4,8	10,8	15,6
Resíduos	77,8	36,4	43,4	3,8	6,1	1,2
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	18,9	38,2	16,6	2,7	1,3	2,3
Ruídos e vibracións	19,3	6,0	6,1	3,6	0,7	0,4
Outros equipos e instalacións	171,6	60,1	45,7	27,5	2,7	3,5
Gastos correntes	1.595,6	1.705,2	1.724,7	93,5	106,5	111,6
C. Industria manufacturera	2.421,0	2.110,6	2.098,5	132,6	127,3	121,2
Investimento total	917,9	506,6	480,7	48,0	30,9	25,3
Equipos e instalacións independentes	406,8	190,8	170,7	14,4	8,8	5,5
Emisións ao aire	179,3	50,0	43,3	4,3	0,8	0,5
Augas residuais	125,3	98,9	59,4	7,0	6,0	2,2
Resíduos	60,0	16,4	12,0	1,9	0,4	2,1
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	16,7	16,5	47,1	0,5	1,5	0,2
Ruídos e vibracións	13,6	3,1	3,3	0,2	0,1	0,1
Natureza e paisaxe	7,4	1,9	0,9	0,1	0,1	0,0
Outros equipos e instalacións	4,5	4,0	4,8	0,5	-	0,4
Equipos e instalacións integrados	511,1	315,8	310,0	33,5	22,0	19,8
Emisións ao aire	249,2	155,6	178,9	20,6	9,4	11,9
Augas residuais	72,1	36,6	36,9	4,7	1,9	2,9
Resíduos	75,5	34,1	38,3	3,5	6,1	1,1
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	10,6	36,5	12,1	0,5	1,2	2,3
Ruídos e vibracións	14,2	5,8	4,4	0,1	0,7	0,4
Outros equipos e instalacións	89,5	47,2	39,3	4,1	2,6	1,3
Gastos correntes	1.503,1	1.604,0	1.617,8	84,6	96,5	95,9

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, *Encuesta del gasto de la industria en protección ambiental*

4.4.7.

gasto total nas medidas de protección redúcese ata os 121,2 millóns de euros, o 5,8% do gasto en España, sendo o investimento de 25,3 millóns (5,3% do Estado). En comparación co ano anterior, os gastos na industria manufacturera son inferiores ao do conxunto de actividades, cunha caída do 17,9% no caso do investimento e do 4,8% no gasto total.

Atendendo á distribución do investimento segundo o tipo de equipo e instalación, cómpre mencionar que Galicia e España presentan un comportamento desigual. Mentres


que na Comunidade Autónoma galega o 74% do investimento realizouse en equipos e instalacións integrados e o 26% restante en equipos e instalacións independentes, no conxunto do Estado estas porcentaxes son do 57,5% e 42,5%, respectivamente.

O principal destino dos investimentos no que respecta á protección ambiental son as augas residuais e as emisións de aire, que acollen o 36,2% e 30,6%, respectivamente. No caso concreto da industria manufacturera, o ámbito de protección de aire e clima concentra o 49% do investimento, seguido





Superficie terrestre protexida nas CC.AA. en relación á superficie total 2013: distribución segundo tipo



Fonte: Europarc-España, *Anuario del estado de las áreas protegidas en España*

4.4.8.

polo relativo á xestión de augas residuais, cun 20%.

Natureza e biodiversidade

A conservación do patrimonio natural e cultural asociado proporciona á sociedade importantes beneficios para a súa saúde e benestar. Tal e como indica a Lei 9/2001, de conservación da natureza, os espazos naturais protexidos son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección. Segundo os datos proporcionados polo anuario Europarc-España 2013, a superficie total cualificada como espazos naturais protexidos en Galicia representa o 5,6% do total estatal.

En comparación co resto das CC.AA., o devandito anuario indica que Galicia é a sétima

Comunidade con menor superficie protexida en relación á súa superficie territorial total.

Antes de analizar os espazos de protección declarados en Galicia, cómpre mencionar a aprobación da lei estatal 30/2014, de 3 de decembro, de parques nacionais. Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico para asegurar a conservación dos parques nacionais e da Rede que forman, así como os diferentes instrumentos de coordinación e colaboración. Establece que todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación dos parques nacionais, fomentarán a colaboración e participación activa da sociedade no logro dos obxectivos fixados e garantirán o acceso á información dispoñible nesta materia, así como a divulgación dos datos que se consideren de interese público. En particular, promoverán a implicación dos titulares de dereitos priva-



dos nos parques nacionais, así como da poboación residente nos seus entornos.

No que atinxe á Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, que representa en torno ao 12% da superficie total de Galicia, esta recolle aqueles espazos naturais da Comunidade Autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais. Segundo os datos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a devandita Rede abrangue unha superficie de 397.660 hectáreas, das que o 99,5% conta con instrumento de planificación.

A rede galega está formada polas seguintes categorías de protección:

- Seis parques naturais declarados (Baixa Limia-Serra do Xurés; Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; Fragas do Eume; Monte Aloia; O Invernadoiro e a Serra da Enciña da Lastra), que se estenden por unha superficie de 49.087 hectáreas.
- O parque nacional marítimo terrestre das Illas Alánticas, con 8.332,8 ha (7.138 ha mariñas).
- Oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular (a praia das Catedrais; a Carballa da Rocha; Costa de Dexo; Fraga de Catasós; Serra de Pena Corneira; Souto da Retorta; Souto de Rozabales e o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós), que suman en totan 1.394 ha.
- Cinco humedais protexidos, cunha superficie de 7.709 ha (Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; Lagoa e areal de Valdoviño; Ría de Ortigueira e Ladrado e a Ría de Ribadeo);
- Dúas paisaxes protexidas (Penedos de Pa-

sarela e Traba e o Val do río Navea), con 903 ha.

- 71 zonas de especial protección dos valores naturais, que abarcan unha superficie de 389.593 hectáreas.

Seguindo as pautas contidas na Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Tras sete actualizacións, Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

O devandito anuario Europarc-España 2013 indica que a superficie protexida polas denominadas Zonas de especial conservación ascende a case 380.000 hectáreas, o 11,7% do territorio galego (23,2% no conxunto do Estado), acadando as 16 zonas especiais de protección para as aves un total de 101.135 ha, o 3% do territorio de Galicia (20% en España). Comparado co resto das CC.AA. Galicia é a Comunidade con menor superficie de Rede Natura sobre a súa superficie territorial.

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: os espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo de Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Garfos e o Ecosistema dunar praia América-Panxón) e un espazo privado de interese natural, Sobreiras do Faro. A súa superficie é de 782 ha e 9,7 hectáreas, respectivamente.

Existen tamén áreas protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos





Incendios forestais en Galicia e España 2013-14 ⁽¹⁾: sinistros e superficie afectada

	2013				
	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
			(en has.)		
Galicia	2.800	823	7.779,0	11.609,4	19.388,4
A Coruña	724	181	2.465,5	3.165,2	5.630,7
Lugo	401	124	729,9	1.117,2	1.847,2
Ourense	883	347	1.634,2	6.288,6	7.922,8
Pontevedra	792	171	2.949,3	1.038,5	3.987,8
España	7.744	2.882	17.273,6	32.173,3	49.446,9
Galicia / España (%)	36,2	28,6	45,0	36,1	39,2

	2014				
	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
			(en has.)		
Galicia	1.004	233	506,9	1.498,9	2.005,8
A Coruña	258	60	163,0	162,8	325,8
Lugo	201	49	126,8	327,9	454,8
Ourense	359	97	170,9	939,9	1.110,8
Pontevedra	186	27	46,2	68,3	114,5
España	6.754	3.017	9.094,8	30.428,1	39.523,0
Galicia / España (%)	14,9	7,7	5,6	4,9	5,1

(1) datos son provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.9.

convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

- Humidais Ramsar, que é un convenio relativo a humidais de importancia internacional especialmente como hábitats de aves acuáticas. Na actualidade Galicia conta con cinco lugares Ramsar: o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrado; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.
- As reservas da biosfera, que presentan como principal obxectivo o de armonizar a conservación da natureza co desenvolvemento socioeconómico. As seis áreas declaradas como tal en Galicia son Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; a Baixa

Limia- Serra do Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.

- A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. Os Estados membros teñen a obriga de propoñer zonas de interese dentro das súas respectivas augas xurisdicionais, incluíndo a Zona Económica Exclusiva ou aquelas zonas mariñas onde o Estado exerza a súa soberanía. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cachuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

Incendios forestais

Galicia ten unha extensión total de 2.957.842 ha, da que máis do 60% corresponde a uso forestal, o que supón case o 10% da superficie forestal nacional. Aproxí-



Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2011-12: distribución segundo tipo

	2011		2012		12/11	
	mezclados	recollidos selectivamente (en tm.)	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados (%)	recollidos selectivamente (%)
Andalucía	3.948.338	624.371	4.234.563	574.851	7,2	-7,9
Aragón	492.267	116.986	464.169	113.536	-5,7	-2,9
Asturias	434.792	142.598	403.450	131.819	-7,2	-7,6
Baleares	739.478	109.618	659.799	123.891	-10,8	13,0
Canarias	1.181.424	207.471	1.162.173	148.058	-1,6	-28,6
Cantabria	274.212	67.751	263.179	57.703	-4,0	-14,8
Castela e León	997.147	251.790	935.962	199.211	-6,1	-20,9
Castela - A Mancha	1.021.916	97.066	839.888	80.471	-17,8	-17,1
Cataluña	2.626.184	1.300.671	2.418.067	1.212.615	-7,9	-6,8
Comunidade Valenciana	1.896.795	324.998	1.857.388	291.574	-2,1	-10,3
Extremadura	457.343	40.679	434.199	53.096	-5,1	30,5
Galia	1.005.001	173.526	940.162	167.444	-6,5	-3,5
Madrid	2.093.104	479.813	1.999.711	416.686	-4,5	-13,2
Murcia	579.415	66.929	582.856	59.726	0,6	-10,8
Navarra	189.858	122.047	184.127	105.650	-3,0	-13,4
País Vasco	691.950	356.809	780.061	318.831	12,7	-10,6
A Riox	110.515	19.283	105.829	18.773	-4,2	-2,6
Total	18.773.628	4.508.351	18.315.103	4.080.708	-2,4	-9,5

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos

4.4.10.

madamente dous terzos da superficie forestal galega é arborada.

No que atinxe aos incendios forestais, que constitúen a maior ameaza que sofren os bosques, os datos correspondentes ao ano 2014 destacan especialmente polo significativo descenso tanto o número de conatos (<1ha) como de incendios forestais (-64,1% e -71,7%, respectivamente). Esta redución leva aparellada, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha caída do 65,9% da superficie total queimada en relación aos datos de 2013 (**cadro 4.4.9.**).

Ao longo do último ano declaráronse 1.237 sinistros (3.623 no ano anterior), dos que 1.004 teñen menos dunha hectárea e 233 afectan a unha superficie superior á hectárea. Se no ano 2013 sete dos dezasete grandes incendios forestais (500 ou máis hectareas forestais afectadas) que se rexistraron en España tiveron lugar en Galicia, no ano 2014 non sufriu ningún incendio desta magnitude. En relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 12,7% dos sinistros rexistrados, representando a superficie total queimada o 5,1% da superficie total afec-

tada polo lume a nivel estatal, fronte ao 39,2% que representou no ano 2013.

Ao igual que en anos anteriores, Ourense volve a ser a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 456 lumes. É dicir, o 36,9% dos incendios en Galicia tiveron lugar nesta provincia, representando a superficie queimada o 55,4% do total (1.110,8 hectáreas). No que atinxe á superficie queimada, séguelle en importancia a provincia de Lugo, con 454,8 ha, o 22,7% da superficie afectada polo lume, e A Coruña, con 325,8 hectáreas, o 16,2% do total.

Residuos sólidos

A recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) descende un 6% no ano 2012 (último dato dispoñible) para situarse nos 1,1 millóns de toneladas, o 4,9% do total estatal. En termos anuais por habitante, en Galicia recolléronse un total de 405,9 kg, o que a sitúa como a terceira Comunidade Autónoma con menor recollida de RSU, tras Madrid (399,1 kg) e A Riox (378,3 kg).





Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2011-12: distribución segundo tipo de residuo producido

	2011				2012			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos (en tn)	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
Andalucía	3.796.057	118.200	74.820	136.141	4.134.974	111.678	76.114	131.749
Aragón	487.574	31.964	23.203	13.781	459.778	25.516	23.905	14.095
Asturias	429.491	67.252	33.763	10.332	397.887	55.682	33.534	10.016
Baleares	728.073	25.162	22.298	23.696	656.391	38.865	29.039	23.867
Canarias	1.151.544	34.043	29.040	14.770	1.134.763	33.507	29.126	15.333
Cantabria	259.307	13.417	10.432	5.052	246.177	12.048	10.281	5.082
Castela e León	973.608	55.753	41.676	20.985	923.318	49.338	40.774	20.915
Castela - A Mancha	1.010.610	30.697	21.268	17.802	826.883	28.472	21.061	17.595
Cataluña	2.570.746	408.518	180.729	127.713	2.334.367	318.118	169.191	129.674
C. Valenciana	1.805.042	66.658	74.444	41.815	1.811.419	60.294	79.540	40.158
Extremadura	450.878	16.286	7.501	10.129	428.571	32.580	7.439	9.985
Galicia	983.351	38.163	36.359	22.186	930.930	34.556	36.465	21.437
Madrid	2.062.422	136.194	82.662	138.062	1.947.739	114.410	80.620	131.049
Murcia	577.721	18.849	18.755	13.506	579.368	8.430	22.590	15.688
Navarra	180.874	25.905	16.190	22.398	174.865	24.427	15.684	17.886
País Vasco	680.888	165.214	54.202	30.848	769.912	124.278	54.038	32.028
A Ríoxa	109.774	8.584	5.939	4.760	104.789	7.919	5.868	4.708
Total	18.291.848	1.266.397	733.682	653.976	17.911.466	1.085.574	735.547	641.266

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos

4.4.11.

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, este descenso rexístrase tanto no caso dos residuos mesturados como dos recollidos selectivamente. Dunha banda, a recollida de residuos mesturados reduciuse un 6,5% respecto ao ano anterior, acadando os 940,2 miles de toneladas, en tanto que o volume de residuos recollidos selectivamente, tras un descenso do 3,5%, acadou as 167,4 miles de toneladas (**cadro 4.4.10.**).

A Sociedade Galega do Medioambiente S.A. (Sogama), que realiza a recollida a través de 20 plantas de transferencia, xestionou en todo o ano 2014 máis de 814 mil toneladas de residuos urbanos, o que supón un incremento do 4,3%. O volume total de residuos reciclados ascende ata os 51.247,6 toneladas, das que 25.420,7 toneladas corresponden a vidro recuperado e 9.166,9 toneladas, a produtos férricos. □



